

A CULTURA É UN DEREITO

.....

A CULTURA
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XX XORNADA ACEUD:

ARTE, CREACIÓN E TERRITORIO

E UN DEREITO

28 de agosto de 2025

Fundación PazosCuchillo—Trasanquelos
(Oza—Cesuras)

Comisaria:
Sara Fraga

www.aculturaeundereito.gal

Organiza:



**Deputación
DA CORUÑA**

Colabora:

FUNDACIÓN PAZOSCUCHILLO DE PAZOS

XOVES, 28 PROGRAMA

9.45 h.

Acreditación dos participantes e benvída. Apertura da xornada.

- Montse Cuchillo e Carlos Pazos (Fundación PazosCuchillo)
- Representante do Concello de Oza-Cesuras
- Natividade González (deputada de Cultura da Deputación da Coruña)
- Sara Fraga Pérez (comisaria da xornada)

10.00 h.

Presentación e visita guiada á exposición da Fundación PazosCuchillo.

11.30–12.00 h.

«Da estatística á identidade: unha ollada á Comarca de Betanzos e ao caso de Betanzos como 'Magic Town'» por Salvador Naya Fernández

12.00 h–12.30 h.

Pausa café.

12.30–14.00 h.

Coloquio da mañá: «ESPAZOS DE CREACIÓN. Lugares que impulsan e facilitan dinámicas creativas na comarca».

Modera: Manuel Rial.

Participan:

- Fundación CIEC, fundación cultural e espazo de referencia peninsular no campo da arte gráfica.
- Asociación Lar de Unta. Un espazo para a cultura e o diálogo no casco vello de Betanzos.
- Espazo Vaina, laboratorio creativo impulsado pola asociación cultural CRÚA, que organiza exposicións, concertos, obradoiros... e do que fan parte diferentes artistas e creadoras dos campos da arte gráfica, o audiovisual, a ilustración, etc.
- Mosteiro de Bergondo, espazo que é usado de forma constante por artistas e creadoras de diferentes disciplinas para o desenvolvemento de programación (mostras de teatro, concertos, etc.) e o ensaio artístico.
- Espazo BAM Betanzos, Biblioteca, Arquivo e Museo do Concello de Betanzos.

14.15–16:15 h.

PAUSA – Xantar.

16. 30–19.00 h.

Coloquio da tarde: «PERSOAS. Fervidoiro artístico mariñán: creadoras e creadores que fan cultura no territorio».

- Modera: Ana Díez.

Creadores e creadoras:

- Carlos Pazos
- Pedro Lamas
- Antía Yáñez
- Correa Corredoira
- Iria Fafián
- Isabel Durá
- Sabela Caamaño
- SaraSal

19.00 h.

Crónica do día, Xesús Fraga.

19.20 h.

Conclusións da xornada, Sara Fraga.

19.45–21.00 h.

Concertos de peche.

- Altaplana
- Traditronics

ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA*

10:00 h.

Visita guiada á Fundación PazosCuchillo



A comarca das Mariñas é un espazo fecundo e vizoso na creatividade e as dinámicas culturais, case sempre desde propostas que parten da propia sociedade civil e do talento das e dos creadores e cun mapa de espazos e axentes culturais do máis diverso, heteroxéneo e plural.

Esta xornada busca propiciar unha ocasión para o encontro do amplo tecido artístico e creativo co que contamos e ao tempo favorecer o coñecemento colectivo das dinámicas culturais existentes. Polo tanto, é un encontro de interese tanto para persoas da comarca coma para persoas doutros lugares distintos que buscan:

- Tecer redes de colaboración.
- Coñecer espazos para a cultura xestionados de maneiras moi diversas e con distintas fórmulas xurídicas.
- Como é a vida de artistas plásticos, produtoras musicais, músicas, xestoras culturais ou escritoras instaladas na comarca das Mariñas.
- Nutrir traballo propio cunha ollada situada e colectiva.
- Gozar de maneira lúdica da creación artística nun sentido amplo.

O proxecto aquí exposto resúmese ben a través dunha reflexión que fai Raymond Williams, en *Culture is ordinary* (1958) e que eu descubrín grazas ao libro *Cultura ingobernable*, de Jazmin Beirak (2022). Williams distingue dúas maneiras de entender a cultura. Unha de carácter elitista e privativa, na que esta funciona máis ben como un distintivo co que se engalanaban os usuarios, no seu caso, dos salóns de té, pero que poderían ter o seu equivalente no Casino santiagués, do Club Náutico da Coruña ou o Liceo betanceiro. Esta maneira de entender a cultura chocábacalle a Williams porque el a vivía doutra maneira no seu Gales natal. Alí a cultura era, fundamentalmente, algo que se compartía coa familia e veciños. El escoitaba música, recitaba poemas e tocaba xunto a eles e elas e isto construía colectividade. Estas prácticas xeraban —e xeran— valores compartidos e comunidade, a mesma que, cando as cousas viñan mal dadas, estaba disposta a soste a calquera dos seus membros. A cultura estaba imbricada, como as tellas dun tellado, nos procesos mediante os que as persoas e os grupos humanos construían significados conxuntos para facer lexible e participar da vida compartida. Por iso a cultura era algo ordinario, cotian (Beirak, 2022: 62-63).

As xuntanzas semanais para ensaiar co seu posterior momento de socialización, os clubs de lectura e o que isto implica para persoas que viven soas ou o que supón regalarlle a túa nai un obradoiro de cerámica polo seu aniversario son exemplos aplicables a Betanzos ou ao Gales de Raymond Williams. Entendendo, como diría María Acaso, que a arte é una maneira de facer e non unha cousa que se fai.

Sara Fraga
Comisaria da Xornada





**Deputación
DA CORUÑA**

A CULTURA É UN DEREITO

.....

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

.....

* Debido ás características e capacidade de carga dos espazos, a participación nas visitas seguirá a orde de chegada dos formularios de inscrición.

A asistencia é gratuíta e a capacidade limitada.
